

Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS DOS ALUMNOS DA ESO

Se ben na información do comezo de curso veñen especificadas as datas máis relevantes de fin de curso, permítanme nesta circular matizalas; ademais de informalos doutros temas de interese:

CALENDARIO XUÑO 2018

- **Día 6 de xuño: celebración de San Marcelino Champagnat**
- **Día 8 de xuño, ás 14:30: Publicación do boletín de notas da 3ª avaliación na Plataforma de Comunicación Colexial.**
- **11-18 de xuño: Preparación e realización das probas e actividades de recuperación.**
- **Convivencias: 17-20 de xuño 4º ESO; 19-21 de xuño 1º, 2º e 3º ESO**
- **Día 21 de xuño: Vacacións.**
- **Día 25 de xuño: avaliación final.**
- **Día 26 de xuño, martes, ás 13.00 horas: entrega de notas finais.**
- **Día 27 de xuño, mércores: entrevistas cos profesores (09.00 a 13.30 h.).**

PROBAS e ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN e MELLORA:

Entre os días 11 e 18 de xuño realizaranse as probas e actividades de recuperación, segundo calendario supervisado polo titor/a en cada curso, das que irán sendo informados a través da Plataforma de comunicación colexial polos profesores. Nas materias aprobadas, terán a oportunidade de se presentar a exames ou actividades de subir nota co fin de mellorar a súa media.

EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

“Ó final de cada un dos cursos da ESO, o equipo avaliador, decidirá sobre a promoción de cada alumno ó curso seguinte (en 1º, 2º e 3º) ou titulación (en 4º). Haberá exames extraordinarios, para que os alumnos con materias suspensas en xuño, ben do curso actual ben do curso pasado, poidan recuperalas en setembro. Con máis de dúas materias suspensas (entre as do curso actual e as do curso pasado) en Secundaria haberá que repetir curso. Para obter o título de graduado na educación secundaria cumprirá ter superadas todas as materias cursadas.”

Setembro, días 3 e 4: exames de recuperación das materias pendentes. Os horarios aparecerán publicados na páxina web e no taboleiro do Colexio.

LIBROS DE TEXTO E CALENDARIO ESCOLAR

No taboleiro do Colexio e na páxina web expoñerase a listaxe de libros de texto para o vindeiro ano e o Calendario Escolar 2018-2019.



Luis Angel Arias Gómez
Xefe de Estudos de Secundaria
Ourense a 1 de xuño de 2018